

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 1310** *Real decreto lei 1/2012, do 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovables e residuos.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, o crecemento das tecnoloxías incluídas no réxime especial permitiu superar de sobra en 2010 os obxectivos de potencia instalada previstos no Plan de Enerxías Renovables 2005-2010 para a tecnoloxía eólica e, en particular, para as tecnoloxías solar termoeléctrica e solar fotovoltaica.

Este elevado desenvolvemento non está exento, non obstante, de crítica. A superación dos obxectivos puxo de manifesto un desequilibrio entre os custos de produción e o valor das primas, supoñendo un incremento do sobrecusto para o sistema en concepto de primas para as tecnoloxías solares de máis de 2.000 millóns en 2010, cifra que se incrementará en 2.000 millóns de euros anuais a partir de 2014.

O Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, estableceu límites para acoutar o incremento do déficit tarifario, é dicir, a diferenza entre os ingresos procedentes das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica e os custos das actividades reguladas do sector eléctrico que deben cubrir. Deste xeito, o citado real decreto lei establece, a partir de 2013, o principio de suficiencia das peaxes de acceso para satisfacer a totalidade dos custos das actividades reguladas de modo que, a partir do dito momento, non poida aparecer déficit tarifario.

Posteriormente, e como consecuencia da aparición dunha serie de circunstancias sobrevidas, entre outras, a caída significativa da demanda durante 2010 e o incremento na produción eléctrica a partir de fontes renovables polas favorables condicións climatolóxicas, que tiveron unha importante incidencia sobre os parámetros de previsión de déficit tarifario do sistema eléctrico, adoptáronse novas medidas con carácter de urxencia, no Real decreto lei 14/2010, para abordar a corrección do referido déficit tarifario do sistema eléctrico.

No entanto, as medidas adoptadas ata a data non resultan suficientes, poñendo en risco o obxectivo final de supresión do déficit tarifario a partir de 2013.

O déficit tarifario constitúe en si mesmo unha barreira para o adecuado desenvolvemento do sector no seu conxunto e, en particular, para a continuación das políticas de fomento á produción eléctrica a partir de fontes de enerxía renovable e alta eficiencia.

Por outra banda, os obxectivos de potencia para o ano 2020 recollidos no recentemente aprobado Plan de Enerxías Renovables permítenlle ao Goberno dispor dunha folgada marxe de manobra na fixación da senda de implantación das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables desde o momento actual.

A iso hai que engadir que a capacidade de xeración instalada neste momento é suficiente para asegurar a cobertura da demanda prevista para os vindeiros anos.

Así, non resulta imprescindible neste momento continuar coas taxas anuais de implantación destas tecnoloxías para lograr ao final da década os obxectivos previstos.

A complexa situación económica e financeira aconsella a supresión dos incentivos para a construción destas instalacións, con carácter temporal, polo menos ata a solución do principal problema que ameaza a sustentabilidade económica do sistema eléctrico: o déficit tarifario do sistema eléctrico.

Estas medidas son coherentes coas medidas de axuste que se están a levar a cabo co obxecto de retomar a senda de crecemento da nosa economía.

Por outra parte, o modelo de xeración distribuída, co achegamento do custo de produción destas tecnoloxías ao custo de consumo para os segmentos de menor escala, cobra cada vez maior importancia. Así, o procedemento para permitir o denominado balance neto de electricidade, cuxa regulación está en curso, constitúe unha alternativa real para o desenvolvemento de instalacións de pequeno tamaño a través do fomento do autoconsumo de enerxía eléctrica.

Resulta necesario deseñar un novo modelo retributivo para este tipo de tecnoloxías que teña en conta o novo escenario económico, promovendo a asignación eficiente dos recursos a través de mecanismos de mercado. Deste xeito, trátase de articular de cara ao futuro un sistema que favoreza a competitividade do mercado a través de mecanismos similares aos utilizados noutros países da Unión Europea e que garantan a viabilidade futura do sistema.

Así mesmo, os novos marcos deberán incentivar a redución de custos aproveitando a pendente da curva de aprendizaxe e propiciando a captura da maduración da tecnoloxía de maneira que estes revertan nos consumidores.

De acordo co exposto, considerouse oportuna a supresión dos réximes económicos incentivadores para certas instalacións de réxime especial e para certas instalacións de réxime ordinario das mesmas tecnoloxías, así como a suspensión do procedemento de preasignación de retribución para estas, de forma que se poida acometer a resolución do problema do elevado déficit tarifario do sistema eléctrico nun contorno máis favorable. Na adopción desta medida, o Goberno optou por limitar o seu alcance ás instalacións de réxime especial que non obtivesen aínda a inscrición no Rexistro de Preasignación de Retribución, con excepción daqueles supostos en que a dita circunstancia sexa consecuencia do incumprimento do correspondente prazo de resolución pola Administración. En similar sentido, no que concirne ás instalacións de réxime ordinario, non sometidas ao mecanismo de preasignación, decidiuse limitar o alcance da medida en termos que exclúan a súa incidencia sobre investimentos xa executados.

Esta medida débese adoptar ademais con carácter de urxencia. Neste momento encóntranse pendentes de resolución as catro convocatorias de preasignación fotovoltaica correspondentes ao ano 2012, por unha potencia próxima aos 550 MW. En efecto, a dilación inevitable no tempo da adopción desta medida que suporía a súa tramitación pola canle normativa ordinaria determinaríala, inevitablemente, a entrada no sistema de 550 MW fotovoltaicos adicionais e o risco dun efecto chamada para aquelas tecnoloxías cuxos obxectivos non foron cubertos: coxeración, biomasa, biogás, hidráulica e residuos.

Este real decreto lei mantén o réxime retributivo fixado no ordenamento xurídico para as instalacións en funcionamento e para aquelas que tivesen resultado inscritas no Rexistro de Preasignación de Retribución.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xaneiro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto lei:

- a) A supresión dos incentivos económicos para as instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime especial e para aquelas de réxime ordinario de tecnoloxías asimilables ás incluídas no citado réxime especial que se detallan no artigo 2.1.
- b) A suspensión do procedemento de preasignación de retribución para o outorgamento do réxime económico primado.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto lei será de aplicación ás seguintes instalacións:

a) Aquelas instalacións de réxime especial que na data de entrada en vigor deste real decreto lei non resultasen inscritas no Rexistro de Preasignación de Retribución previsto no artigo 4.1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social.

b) Aquelas instalacións de réxime especial de tecnoloxía fotovoltaica que na data de entrada en vigor deste real decreto lei non resultasen inscritas no Rexistro de Preasignación de Retribución previsto no artigo 4.1 do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía.

c) Aquelas instalacións de réxime ordinario que na data de entrada en vigor deste real decreto lei non dispuxesen de autorización administrativa outorgada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

2. Este real decreto lei non será de aplicación ás instalacións de réxime especial que tivesen presentado solicitude de inscrición no Rexistro de Preasignación de Retribución, cando o correspondente prazo de resolución, en virtude do previsto nos números 2 e 3 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa vencese na data da súa entrada en vigor.

Artigo 3. *Supresión dos incentivos económicos para as novas instalacións.*

1. Suprímense os valores das tarifas reguladas, primas e límites previstos no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, para todas as instalacións que se encontren no ámbito de aplicación deste real decreto lei.

2. Suprímese o complemento por eficiencia e o complemento por enerxía reactiva, regulados nos artigos 28 e 29, respectivamente, do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para todas as instalacións que se encontren no ámbito de aplicación deste real decreto lei.

3. Sen prexuízo do previsto nos números 1 e 2 deste artigo, o Goberno poderá establecer regulamentariamente réximes económicos específicos para determinadas instalacións de réxime especial, así como o dereito á percepción dun réxime económico específico e, se for o caso, determinadas obrigas e dereitos dos regulados nos números 1 e 2 do artigo 30 da Lei 54/1997, do 23 de novembro, do sector eléctrico, para aquelas instalacións de produción de enerxía eléctrica de coxeración ou que utilicen como enerxía primaria enerxías renovables non consumibles e non hidráulicas, biomasa, biocarburantes ou residuos agrícolas, gandeiros ou de servizos, aínda cando as instalacións de produción de enerxía eléctrica teñan unha potencia instalada superior a 50 MW.

Para a determinación dos réximes económicos específicos poderase ter en conta a potencia instalada, o nivel de tensión de entrega da enerxía á rede, a contribución efectiva á mellora do ambiente, ao aforro de enerxía primaria e á eficiencia enerxética, a produción de calor útil economicamente xustificable e os custos de investimento e de operación, o tipo de enerxía primaria empregada, tendo en conta unhas taxas de rendibilidade razoables con referencia ao custo do diñeiro no mercado de capitais.

Artigo 4. *Suspensión do procedemento de preasignación de retribución.*

1. Queda suspendido o procedemento de inscrición no Rexistro de Preasignación de Retribución previsto no artigo 4.1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, para as instalacións incluídas no ámbito deste real decreto lei.

2. Queda suspendido o procedemento de inscrición no Rexistro de Preasignación previsto no artigo 4.1 do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, das solicitudes de instalacións de tecnoloxía fotovoltaica que se presentasen ás convocatorias correspondentes a 2012.

Do mesmo xeito, queda sen efecto a realización das convocatorias de preasignación correspondentes ao ano 2012 e sucesivos.

3. Os titulares das instalacións de réxime especial incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto lei ás cales, na súa entrada en vigor, non lles fose resolta a súa solicitude de inscrición no Rexistro de Preasignación de Retribución, poderán, dentro do prazo de dous meses contados desde a data da dita entrada en vigor, desistir da súa solicitude de inscrición no referido rexistro e, se é o caso, desistir tamén da súa solicitude de acceso á rede, solicitando a devolución dos avais que tivesen depositado ao abeiro do previsto nos artigos 59 bis e 66 bis do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no artigo 9 do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, así como no artigo 4.3.i do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, sen que proceda, en virtude desa desistencia, a execución de tales garantías.

4. Sen prexuízo do previsto nos números 1 e 2 deste artigo, o Goberno poderá restablecer regulamentariamente a inscrición no Rexistro de Preasignación de Retribución cando o contexto enerxético así o requira.

Disposición adicional única. Devolución dos avais depositados para as instalacións de réxime especial que fosen inscritas no Rexistro de Preasignación de Retribución e non se vaian executar.

Os titulares das instalacións de réxime especial inscritas no Rexistro de Preasignación de Retribución que opten por non levar a cabo a execución da instalación, no prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, sempre que o prazo de inscrición definitiva e venda de enerxía non tivese vencido, poderán renunciar á inscrición no citado Rexistro de Preasignación de Retribución, sen que isto lles supoña a execución dos avais que tivesen depositado ao abeiro dos artigos 59 bis e 66 bis do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, do artigo 9 do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, así como do artigo 4.3.i do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril.

Disposición transitoria única. Instalacións que obtivesen autorización administrativa para unha modificación substancial con data anterior á entrada en vigor deste real decreto lei.

A derogación do número 4 do artigo 4 e do artigo 4.bis do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, prevista na disposición derogatoria única, non será de aplicación a aquelas instalacións que obtivesen autorización administrativa para a modificación substancial dela, nos termos regulados no citado artigo 4 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, con data anterior á entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Queda derogado o número 4 do artigo 4 e o artigo 4 bis do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, así como cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

O disposto neste real decreto lei ten carácter básico ao se ditar ao abeiro das competencias que lle corresponden ao Estado no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a

coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xaneiro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
MARIANO RAJOY BREY